



## Traballando coa poesía

**Desta vez fixemos ACRÓSTICOS.**

Aquí tedes os resultados dos traballos dos rapaces de 1º ESO:

**M**ovendo o aire,  
**U**nificando os ruídos e  
**S**ons que flúen  
**I**ndicando as palabras adecuadas  
**C**abalgando nos mares profundos  
**A**legría é o que sinto.

Alba Blanco (1º A)

**F**elicidade que se consegue ao dar e recibir  
**A**mor e tamén ao  
**M**imar, que fortalece a  
**I**dentidade de ser e forma  
**L**azos  
**I**nseparables con só un  
**A**brazo.

Silvia Burés (1º A)



**F**ermosa é coma un sol  
**L**onga ou curta pode ser.  
**O**u ten pétalos ou non.  
**R**ecende que dá gusto  
**E**stá seguido no mesmo sitio  
**S**empre están en silencio.

Tatiana Nieto (1º B)



Non ten vida, nin tampouco alegría

É unha cor apagada, fría.

Gran cor, pois vai con todo, pero, ás veces

Rompe corazóns, xa que é a cor da morte

Outras veces só é unha cor, pois ningúen sabe o que agocha.

Jesús Salanova (1º B)

Ler e escribir o elemental para un traballo adquirir

Á escola debes ir para aprender a escribir

Pregunta sen dubidar como facer para non errar

Intenta ir polo renglón ou quedará todo feito un chafullón

Sabendo escribir e idiomas falar polo mundo poderás viaxar.

Ángela Ces (1º B)

Anorexia é un transtorno alimentario,

No que se caracteriza pola falta de apetito

Ou ben por causas psicolóxicas,

Resulta moi perigosa


É mortal

Xamais imaxinas que algún coñecido poida ter

Incluso padecer

Anorexia.

Ainhoa Errotaberea (1º B)





## Cantigas de amigo

Aproveitando o estudo das cantigas medievais no 2º trimestre, os alumnos/as de 3º ESO xogaron a ser trobadores. O resultado foron estas cantigas modernas con aire medieval:

Ondas do mar de Testal,  
Onde está o meu amigo?  
*Eu sempre o hei de esperar.*  
Augas do mar de Testal,  
Onde está o meu querido?  
*Eu sempre o hei de esperar.*  
Onde está o meu amigo  
Que me deixou a chorar?  
*Eu sempre o hei de esperar*  
Onde está o meu querido  
Que nel non deixo de pensar.  
*Eu sempre o hei de esperar.*

**(Inés Carneiro e Leonor Pose)**

Revolto teño o cabelo,  
como o cervo deixou as augas.  
*Quen era el?*  
O cabelo traio revolto,  
Como as augas o cervo deixou.  
*Quen era el?*  
Como o cervo deixou as augas,  
Augas que foro ao mar.  
*Quen era el?*  
Como as augas que o cervo deixou,  
Que da fonte ao mar chegaron.  
*Quen era el?*

**(Isabel Burés e Lara Fernández)**

Vaiamos bailar, amigas,  
Ao son destas cantigas.  
*Na fonte ata o amencer.*  
Vaiamos bailar, irmás,  
Ao son destas rimas.  
*Na fonte ata o amencer.*  
Ao son destas cantigas

E oxalá dure días.  
*Na fonte ata o amencer.*  
Ao son destas rimas  
E oxalá tarde, amigas.  
*Na fonte ata o amencer.*

**(Aarón, Damián e Álex)**

Ían os cervos polo monte,  
Vinos ir beber á fonte.  
*Teñen sede, meu amigo.*  
Ían os cervos ao mar,  
Para alí se encontrar.  
*Teñen sede, meu amigo.*  
Vinos ir beber á fonte,  
A auga fría voltounos ó monte.  
*Tiñan sede, meu amigo.*  
Para alí se encontrar  
Foron os cervos ao mar.  
*Tiñan sede, meu amigo.*  
A auga fría voltounos ó monte,  
Se for morna estarían na fonte.  
*Tiñan sede, meu amigo.*

**(Víctor Canle e Manuel Ces)**

O vento do meu amigo  
Move as augas do mar,  
*Na fonte irémonos encontrar.*  
O vento do meu amado  
As augas do mar axita.  
*Encontrarémonos na fonte bendita.*  
Move as augas do mar  
Este grande e forte vento.  
*Verémonos nalgún momento.*  
As augas do mar axita,  
O vento do meu amigo.  
*Verémonos en Santa Rita.*

**(Paula Correa e Laura Bermúdez)**



Cando virás, meu amigo?  
 Onde te podo atopar?  
*Xa non podo esperar.*  
 Cando ata min chegarás?  
 En que lugar te hei encontrar?  
*Xa non podo esperar.*  
 Onde te podo atopar?  
 Como estou desacougada.  
*Xa non podo esperar.*  
 En que lugar te hei encontrar?  
 Como estou desesperada.  
*Xa non podo esperar.*

(Lara Veiga)

Meu amigo, rei dos ventos,  
 O cervo que leva a manada.  
*Non me volvas máis a auga.*  
 Meu amado, rei dos ventos,  
 O máis forte entre os cervos.  
*Non me volvas máis a auga.*  
 O cervo que leva a manada,  
 Afógasme nun mar de amor.  
*Non me volvas máis a auga.*  
 O máis forte entre os cervos,  
 O teu mar lévame ao fondo.  
*Non me volvas máis a auga.*

(Cristian González)

## CANTIGAS DE AMOR

Miña señora, eu por ti loitaría,  
 Iría a todas as guerras  
 E a todos os encontros.  
 Eu por ti, miña señora, morrería.  
*O que eu daría pola miña señora.*  
 Eu cazar por ti, cazaría  
 Cervos e coellos che daría  
 Miña señora, a miña amada,  
 A máis bela cada día.  
*O que eu daría pola miña señora.*  
 Non te afastes nin de noite nin de día,

Aquí estás comigo, coa túa familia,  
 Non marches da terra querida,  
 Sabes que eu te acompañaría.  
*O que eu daría pola miña señora.*

(Manuel Ces e Víctor Canle)

Dende que te fuches  
 Nada é igual.  
 Cústame todo,  
 Ata respirar.  
*Sígotte querendo.*  
 Despois de todo,  
 Intento seguir;  
 Pero sigues aquí,  
 Preto de min.  
*Sígotte querendo.*  
 Recordo as túas palabras:  
 “Para sempre”, dicías.  
 “Prométesmo?”, insistía eu.  
 “Prometido”, respondías.  
*Sígotte querendo.*  
 E todo aquilo  
 Onde quedou?  
 O “para sempre” que?  
 Xa se che olvidou?  
*Sígotte querendo.*



(Isabel Burés)

Sei que nacemos para estar xuntos.  
 Non entendo que non esteas ao meu lado.  
 Preciso terte entre os meus brazos.  
 Estou namorado.  
*Corazón, corre a min.*  
 Estou confuso,  
 Se cadra, indeciso.  
 Non comprendo a distancia que nos separa.  
 Es o único que preciso.  
*Corazón, corre a min.*  
 Non podo seguir así,  
 Estou morrendo por dentro.  
 Estou tan namorado  
 que ata me falta o alento.



*Corazón, corre a min.  
Ti elo todo,  
Todo o que quero ter.  
Es o meu mundo,  
Non te quero perder.  
Corazón, ven a min.*

**(Lara Fernández)**

O sábado á noite vina pasar;  
Tan guapa, peiteada, maquillada...  
Nela non deixaba de pensar.  
*Ei, nena, queres bailar?*  
Aquela noite tamén a oín cantando,  
Coas amigas ría e trouleaba.  
E nela seguín cavilando.  
*Ei, nena, queres bailar?*  
Ás dúas da madrugada,  
Atopeina sorrinte camiñando  
En dirección á barra.  
*Ei, nena, queres bailar?*  
Ás catro... como estaba!!  
Como ía de contenta!!  
Tanto, que nin camiñaba.  
*Ei, moza, queres bailar?*

**(Lara Veiga)**





## Publicidade en Galicia

En 2º ESO, despois de traballar a publicidade, saíron algúns traballos cos que pretendiamos que os rapaces franceses do intercambio coñecesen produtos galegos.



Un cartel para animar a facer o camiño



A castaña, un produto básico da nosa terra




...E por suposto un bo cocido galego



Un queixo arzuán, como debe ser!





... E o polbo que non falte!



X  
O  
G  
A  
I  
N  
A



## O club de lectura temático ataca de novo

Este curso volvemos reunirnos nun club temático, nel adicámonos a realizar proxectos e revisar materiais de ciencias, historia, arte... Nas nosas reunións montamos máquinas deseñadas por Leonardo da Vinci, xoguetes que funcionan por enerxía solar, lemos revistas, libros e CDROMs



Aquí estamos montando unha maqueta que Leonardo da Vinci deseñou como antecedente do helicóptero, aínda que o prototipo ten o problema de que os homes que o habían manexar terían que facelo xirar con suficiente forza como para que se elevase no aire, co peso do aparato e o dos homes mesmos!! Dificilmente podería funcionar!

A esquerda podeades ver uns xoguetes que montamos e que funcionan con enerxía solar. Foron relativamente fáciles, aínda que Fran axudounos a poñelo a funcionar, porque os cables déronnos un pouco de traballo.

Pero o que máis nos custou foi montar o reloxo de corda; montámolo e desmontámolo varias veces ata que Jesús foi quen de facelo funcionar. Todo un crac da mecánica!

O noso proxecto máis interesante foi poñer en marcha un acuario na biblioteca, levounos o resto do curso e aínda non acabamos..., esperamos poder rematalo o curso que ven.







## Día da ciencia en galego



Celebramos, unha vez máis, o **Día da Ciencia en Galego**, este ano adicado a Ramón Verea, que foi un dos pioneiros en deseñar un prototipo de calculadora. Este inventor galego naceu na Estrada e foi o que se di un bo aventureiro, pois tras emigrar a Cuba adícase ao xornalismo e a escribir novelas. Trasládouse a Nova Iorque onde traballou como mestre, tradutor ou mecánico. Volveu trasladarse a diferentes países de Sudamérica ata que fundou a revista "El Progreso" en Bos Aires, onde morreu empobrecido.



Os alumnos e alumnas de 3º de PDC fixeron este cartel para dar a coñecer ao resto dos compañeiros e compañeiras a súa vida e obra. Por outra banda os integrantes do Club Temático traballaron para montar as maquetas de Leonardo da Vinci, que era o outro científico homenaxeado nesta edición. Sempre é grato lembrar a este home do Renacemento para o que a palabra Cultura o englobaba todo, dende a arte ata as matemáticas, enxeñaría, gastronomía e un longo etcétera que nos causa asombro sempre que topamos coa súa figura.





## O club de lectura "pícaros" tamén escribe poesía



### Poemas do Sol e a Lúa

O Sol e a Lúa  
escriben poemas,  
que deixan nas rúas  
con moito agarimo aos  
animais e ás persoas.


Poema da Lúa  
poema do Sol  
poemas e poemas  
no teu corazón.  
Paula Vázquez

### O Elefante

O elefante chora porque  
non quería durmir.  
Durme elefantito meu que  
a lua vai che ouvir!  
Papá elefante xa estaba  
cerca  
ouvíanse as súas pegadas  
na sabana...

Laura Pérez

X  
O  
G  
A  
I  
N  
A





## Máis actividades e efemérides



Ao longo do curso a Biblioteca impulsa, apoia ou organiza actividades de promoción da lectura e da cultura en xeral.



Uns exemplos son: O día dos Dereitos Humanos, o día do Teatro, o día da Árbore, o día da Poesía, A semana da Prensa...





## Roteiro Vidal Bolaño por Santiago de Compostela



Este ano adicóuselle o día das Letras Galegas a Roberto Vidal Bolaño, dramaturgo e actor. Aproveitamos para facer un roteiro que nos axudou a coñecer varios dos lugares e autores máis emblemáticos de Compostela.

Primeiramente visitamos as instalacións da Biblioteca Municipal Anxel Casal, onde os máis pequenos asistiron a un contacontos, mentres os maiores percorremos a biblioteca



con ollos moi larpeiros...

Paseamos por San Martín Pinarío para coñecer as gárgolas en persoa e tamén pola Alameda, saudando a Valle Inclán e cantándolle a Rosalía.

Un pouco de deporte sempre é ben recibido, de modo que estivemos un bo anaco patinando sobre xeo.

Finalmente subimos ata a Cidade da Cultura para visitar as súas instalacións.





## Entroido no club de lectura "Pícaros"



Este curso puxemos en marcha un novo club de lectura cos alumnos e alumnas de segundo ciclo de primaria; con el descubrimos que ademais da lectura, adoran os disfraces. Por iso a nosa reunión



do club na época do entroido foi un pretexto estupendo para disfrazarnos de personaxes de conto... E



para montar un desfile polo patio, e para ler entre todos "Auto do Entroido" de Manuel Lourenzo González.





## I Festa da Lectura



Para rematar un ano cheo de lecturas e actividades, organizamos a nosa I Festa da Lectura. Pola mañá tivemos a visita da librería Aenea de Santiago e da ilustradora Marina Seoane que visitou as aulas de Infantil B e de Primeiro de Primaria

falando do libro Rosalía Pequeniña e Las Brujas.

Os membros dos clubs de lectura estiveron elixindo os libros que máis lles gustaron para que os mercase a biblioteca.

Pola tarde fixemos unha sesión de lecturas públicas, nas que cada



participante leu un fragmento do seu libro favorito; Marina Seoane tamén leu un fragmento dun dos seus.

As familias acompañáronnos nesta tarde tan especial, escoitando as nosas lecturas e colaboraron enormemente traendo tortas e doces caseiros que

nos souberon a gloria e polos que lles damos as grazas.

Como sorpresa final tivemos a ocasión de participar nunha exhibición de cetrería de Falcóns Galicia, que nos aprenderon cuestións básicas sobre o voo das aves. Aqueles con mais sorte gañaron unha pluma destes fermosos paxaros.





## Roteiro literario polas Fragas do Eume

Levabamos moito tempo detrás deste roteiro, xa estabamos preto de realizalo cando o mal tempo nos fixo pospoñelo, e finalmente foi posible levalo a cabo.

O día non nos defraudou.

Sáímos cedo de Lousame e a nosa primeira parada foi o "Parque do Pasatempo" de Betanzos. Mágoa que despois do esforzo tan grande que se fixo para restauralo e abri-lo público este lugar que se abandonou.



A seguinte parada foi no Mosteiro de Monfero, unha xoia no medio da natureza que tamén está en fase de restauración nestes momentos. A impresionante fachada en dameiro e a bóveda de canón merecen ben a visita, mentres agardamos a que se



poida visitar a parte conventual na que xa se leva anos traballando. No interior están as tumbas de varios dos Andra de, vencellados á historia de Pontedeume.

# CLUB DE LECTURA

Biblioteca do CPI Cernadas do Castro



Pero hai que recoñecer que o prato forte polo que todos agardabamos foi o traxecto en Kayak. Polas imaxes podedes ver a marabillosa paisaxe da que gozamos - temos que insistir en que o tempo non se portou mal- e a auga estaba coa temperatura perfecta para os que se animaron a un mergullo despois do exercicio. Finalizamos a xornada cunha boa merenda e no traxecto



de volta repasamos o cancionero popular galego e o non tan galego e máis radiofónico.

Sabemos que gustou ata o punto de que neste curso recibimos peticións para un bis... Pero quedanos aínda tanto por ver e ler!



X  
O  
G  
A  
I  
N  
A